A Asociación do Profesorado de Tecnoloxía de Galicia (APETEGA) manifesta o seu profundo desacordo coa proposta transmitida pola CIUG sobre a ponderación da materia de Bacharelato ***"Tecnoloxía e Enxeñaría"*** para os exames da ABAU, consistente en que a materia ponderará só un 0,1 para todas as carreiras da ***Rama de Enxeñaría e Arquitectura*****.**

O currículo de *"Tecnoloxía e Enxeñaría"* da LOMLOE explícita claramente a súa conexión con dita rama do saber, e dáse o paradoxo que materias de modalidade que non teñen unha relación tan directa cos Graos de Enxeñaría e Arquitectura terán unha ponderación de 0,2.

Polo dito solicitamos ao Consello Social da UVigo unha toma de conciencia da importancia da materia de Bacharelato *"Tecnoloxía e Enxeñaría"* e se lle transmita á **CIUG,** ás facultades, escolas e organismos responsables da ABAU, que se modifique a proposta de ponderación, pasando a ser de 0,2 nas carreiras con perfil tecnolóxico, que son todos aqueles graos da rama de *Enxeñaría e Arquitectura.*

Axuntamos escrito ampliado "ESCRITO PARA A CIUG"

Att.
Daniel Rodriguez Pizarro

Presidente de APETEG